


Que ves...?

25 de novembro

**Día internacional contra a
violencia de xénero**



O maltrato nin en pintura!



1	Giambologna (1582). O rapto das sabinas
	<p><i>Na obra nárrese un episodio da fundación mítica de Roma. Diante da negativa dos Sabinos a unirse a Roma, Rómulo o seu primeiro rei, decide raptar as mulleres para que os romanos casen con elas e así teñan que quedar en Roma.</i></p> <p><i>O episodio representado na obra é, precisamente, o rapto dunha das rapazas mentres seu pai espantado nada pode facer e tapa a cara cun aceno de impotencia e desesperación.</i></p>
2	Peter Paul Rubens (1616-1618). O rapto das fillas de Leucipo.
	<p><i>De novo a mitoloxía ofrécenos outro rapto. Neste caso, Cástor e Pólux, fillos de Leda e de Xúpiter, deciden coa axuda de Cupido, secuestrar as fillas de Leucipo, rei de Mesenia, que xa estaban previamente comprometidas.</i></p>
3	Peter Paul Rubens (1636-1638). O rapto de Perséfone
	<p><i>O tema do rapto de Perséfone (ou Proserpina) é un tema recorrente na mitoloxía e na arte. Sirve para explicar o tema das estacións. Perséfone (Proserpina para os romanos), filla de Deméter (a Ceres romana) deusa da terra, foi raptada por Hades (o Plutón romano), deus do inframundo (os infernos). O pintor amosa a Atenea, no primeiro plano, a Hera e Artemisa (?) que tratan de frear a Hades. Este está a piques de chegar ao seu carro, axudado por 2 cupidos, un que terma das rendas dos cabalos e o outro cun látigo presto a encirralos. A escena representa movemento e violencia.</i></p>
4	Nicolás Poussin (1637). O Rapto das sabinas.
	<p><i>De novo aparece o tema do rapto das sabinas polos romanos. A composición, reflicte neste caso, toda a tensión dramática do episodio. Os personaxes son numerosos: os soldados romanos emparéllanse coas mulleres que tratan de fuxir e choran. Tan só no medio do caos, una vella sabina implora a Rómulo, personaxe co manto vermello, que observa a situación dende a parte dereita da táboa.</i></p>

5	F. de Goya (1797). Muller maltratada cun bastón
	<p><i>Esta lámina de Goya é das poucas que na historia da Arte fan referencia directa ao maltrato da muller por parte do home. A escena non precisa de moito máis comentario.</i></p>
6	E. Delacroix (1827). A morte de Sardanápalo.
	<p><i>Sardanápalo foi un rei lendario de Nínive en Asiria que viviría de 661 a. C. ao 631 a. C. Para algúns autores, sería unha mitoloxización de Assurbanipal, un rei moi cultivado e pouco belicoso; para outros, Sardanápalo foi o irmán de Assurbanipal, e encargado, por este, de gobernar Babilonia. Sardanápalo posteriormente conspirou contra Assurbanipal e, para castigalo, este rei cerca a cidade (650 a. C.-648 a. C.). Cando Sardanápalo intúe a derrota inminente, decide suicidarse con todas as súas mulleres e os seus cabalos e incendiar o seu palacio e a cidade, para evitar que o inimigo se apropiase dos seus bens.</i></p> <p><i>A escena representada por Delacroix amosa o episodio dramático da morte do soberano, cuxa capital é asediada sen esperanza de liberdade polo que decide suicidarse. Delacroix sentiu a necesidade de realizar algunhas declaracións cando o lenzo foi exposto por primeira vez, e fíxoo nos seguintes termos:</i></p> <p><i>“Os rebeldes asediaron o seu palacio... Deitado nunha magnífica cama, na cima dunha inmensa fogueira, Sardanápalo dá a orde ós seus eunucos e aos oficiais de palacio de degolar as súas mulleres, os seus paxes, até os seus cabalos e os seus cans favoritos; ningún dos obxectos que serviran aos seus praceres debían sobrevivir”.</i></p>

7 Ignacio Pinazo (1879). As fillas do Cid

Segundo o Poema do Cid, este, estando exiliado en Valencia, casou as súas fillas cos condes de Carrión, dous irmáns que buscan un camiño rápido para o ascenso social e, neste momento, o Cid é o señor de Valencia. Naturalmente non están namorados das súas esposas.

Nun episodio, amosan a súa covardía ao retrocede fronte a unha fera, e abandonar as mulleres. Ao quedar patente a súa covardía, xuran vingarse do Cid, polo que poñen como pretexto que queren levar as súas mulleres a Castela. De camiño, nunha carballeira, son deshonradas, golpeadas e abandonadas atadas a un carballo.

8 E.H. Dégas (1868-1869). A violación

Degas titulou esta obra como "Escena de Interior" e tiñase referido a ela como a súa "pintura de xénero" no sentido dunha obra costumista que reflectía unha escena da vida cotiá. Porén pasou á historia co nome de "A violación" ou "A desputa". Mais, por que a violación ou a desputa?

Hai autores que afirman que o cadro estaba baseado nunha escena da novela de E. Zola, Madeleine Féral, na que un matrimonio pasa unha noite nun hostel e xorde entre eles unha desputa. A escena da desputa violenta e paixón arrebatadora pasou a ser considerada polos críticos de arte da época como unha violación. Pero, dadas as circunstancias sociais da época, enfatizouse que a a violación era a dun home rico (un patrón?) sobre unha muller traballadora.

Hai argumentos para tódolos gustos, pero se explicaría esta hipótese n apostura firme, dominante, do home fronte a posición da rapaza, de costas ao espectador, que expresaría a humillación, a vergonza. En medio, sobre a mesa algo reloce (unha xoia?) e no chan vese o corsé tirado. A escasa luz, moi contrastada, engade sordidez á escena.

9	Frida Kahlo (1936), Unos cuantos piquetitos”.
	<p><i>Frida Kahlo pintou este cadro despois de ler unha noticia no xornal sobre unha muller asasinada polo seu noivo bébedo e o comentario do asasino cando foi acusado: “Pero si sólo le di unos cuantos piquetitos”, mais segundo os xornais, foron vinte coiteladas.</i></p> <p><i>No cadro, Kahlo, representou o momento inmediatamente posterior ao apuñalamento. Conseguindo un efecto directo na persoa que o observa. Non hai lugar para a xustificación do crime ao colocar a frase do asasino a carón da representación visual do que puido ser o seu crime.</i></p> <p><i>O cadro ten máis relevancia por canto Frida Kahlo tamén foi maltratada pola súa parella.</i></p>
10	A. Daniel R. Castelao (1937). Galicia Mártir (“Arriba España”)
	<p><i>Unha muller violada, coa roupa feita farrapos, grita covardes!, asasinosa!, xunto ao cadáver dun home tendido no chan. Na porta pode lerse a mensaxe dos responsables do crime: Arriba España!</i></p>
11	A. Daniel R. Castelao (1937). Atila en Galicia (“Denantes morta que aldraxada”)
	<p><i>De novo a Guerra Civil de fondo. Nas guerras entre as primeiras vítimas aparecen as mulleres. No fondo vese a ameaza. No primeiro plano, a decisión da muller: hai vidas que son peores que mortes.</i></p>
12	Marco Santos (2010), A sombra do diablo
	<p><i>O pintor portugués explica así a súa obra: “Fechada numa prisão, prisioneira do medo, uma vítima do seu próprio silêncio, humilhada, anulada, condenada ao sofrimento eterno pelo seu próprio demonio encarnado em homem, capaz dos mais cruéis castigos, todo-poderoso, onnipotente, subido ao seu próprio altar para se sentir homem e esconder as suas fraquezas, a sua miserável e patética existência, a sua impotência, a sua covardia ...”</i></p>